

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MONDARIZ PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “CONSTRUCCIÓN DA ÁREA DE DEPORTE URBANO DO CONCELLO DE MONDARIZ”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MONDARIZ PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “CONSTRUCCIÓN DA ÁREA DE DEPORTE URBANO DO CONCELLO DE MONDARIZ”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D.^a Elena Naveira Amoedo, quen actúa no nome e na representación do Concello de Mondariz, en virtude da súa condición de alcaldesa en funcións da citada Corporación, tal e como consta na resolución de delegación que se recolle no Decreto de Alcaldía nº 692, do 16 de novembro de 2023 do referido concello, e segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Na data 17/12/2021 o Pleno da Corporación Provincial adoptou o acordo núm. 4.7719 polo que se aprobou a concesión dunha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Mondariz, con destino á execución da actuación denominada “Construcción da área de deporte urbano do Concello de Mondariz”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19. Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).



II. De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa ReacPon, o día 10/02/2022 asinouse o correspondente convenio de colaboración entre as dúas administracións. O dito convenio tiña por obxecto definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes.

III. A cláusula Segunda do referido convenio, relativa ao financiamento, establece o seguinte:

“O custo total da actuación ascende a catrocentos trinta e cinco mil seiscentos corenta e tres euros con setenta e un céntimos (435.643,71€).

Deste importe, a Deputación financiará unha contía máxima de trescentos noventa e dous mil setenta e nove euros con trinta e catro céntimos (392.079,34€), que supón unha porcentaxe total sobre o orzamento do 90%, que se imputarán contra a aplicación orzamentaria 2022/942.9420.762.75.2021 do vixente orzamento provincial.

Pola súa banda, o Concello achegará a cantidade restante ata completar o orzamento, o que supón unha contía de corenta e tres mil cincocentos sesenta e catro euros con trinta e sete céntimos (43.564,37€) e unha porcentaxe de cofinanciamento do 10%, que será financiada contra a correspondente aplicación do orzamento do concello ou con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter”.

IV. Mediante a Resolución Presidencial núm. 2022000979, de 08/02/2022, concedeuse unha subvención ao dito Concello por importe de 43.564,37€, con cargo a anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023, con destino ao financiamento da totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon (Expte. 2022003974).

V. Na data 29/11/2022 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 435.643,37€ (IVE incluído), sen resultar baixa de adxudicación.

VI. O 24/03/2023 asinouse unha addenda ao convenio modificando a cláusula Décima Primeira relativa á vixencia, pola que se prorroga o prazo de execución dos investimentos acollidos no Programa ReacPon ata o 31/12/2023 e o prazo de xustificación ata o 31/05/2023.

VII. Na data 25/05/2023 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023034080) un proxecto modificado e o decreto de aprobación polo órgano competente do dito proxecto. O orzamento do novo proxecto ascende a 504.693,95€, o que supón un incremento de 69.050,24€ sobre o orzamento inicial (15,85%).

VIII. Mediante o acordo da Xunta de Goberno núm. 2.32928, de 01/09/2023, concedeuse unha subvención ao Concello por importe de 69.050,24€, con cargo a anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023, con destino ao financiamento da nova achega municipal que debe realizar o ente local no investimento (Expte. 2023049735).

IX. A cláusula Quinta do convenio, relativa á súa modificación, indica o seguinte:

“O Concello deberá remitir á Deputación a solicitude xustificada de modificación do convenio de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación suficiente á finalización do prazo de execución concedido.



A Deputación analizará a viabilidade da modificación e autorizará, no seu caso, a sinatura da addenda, previa instrución do correspondente expediente. O Concello deberá remitir a documentación técnica e administrativa que a Deputación lle requira para a tramitación da modificación. Unha vez autorizada e aprobada a modificación por ambas partes, firmárase a correspondente addenda.

A modificación non poderá afectar en ningún caso ao importe máximo da achega da Deputación”.

X. No artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, relativo á modificación da resolución de concesión, recóllese o seguinte:

“1. Salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a persoa ou entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos os prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou axuda pública.

2. A solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras da concesión.

3. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión da subvención será adoptada polo órgano que a concedeu, previa instrución do correspondente expediente no que, xunto á proposta razoada do órgano instructor, se acheguen os informes pertinentes e, segundo o caso, a solicitude ou as alegacións da persoa beneficiaria, sen que poida significar dano aos dereitos de terceiros.”

XI. Na data 15/09/2023 o Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 6.8029, aproba o proxecto modificado, tendo en conta as novas obrigas económicas en relación ao orzamento da actuación, o importe da subvención e o importe a cofinanciar.

XII. Por todo o exposto, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha segunda addenda, para adaptar o texto do convenio asinado o 10/02/2022, e modificado pola addenda asinada o 24/03/2023, ás novas condicións establecidas no antedito acordo plenario, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FINANCIAMENTO

As partes acordan modificar a cláusula Segunda do convenio, relativa ao financiamento da actuación denominada “Construción da área de deporte urbano do Concello de Mondariz” no marco do Programa ReacPon, por un reaxuste no cadro de financiamento, e quedando redactada do seguinte xeito:

“O custo total da actuación, ascende a cincocentos catro mil seiscentos noventa e tres euros con noventa e cinco céntimos (504.693,95€).



Deste importe, a Deputación financiará unha contía máxima de trescentos noventa e dous mil setenta e nove euros con trinta e catro céntimos (392.079,34€), que supón unha porcentaxe total sobre o orzamento de adxudicación do 77,69%, que se imputarán contra a aplicación orzamentaria 2023/942.9420.762.75.2021 do vixente orzamento provincial.

Pola súa banda, o Concello achegará a cantidade restante ata completar o orzamento, o que supón unha contía de cento doce mil seiscentos catorce euros con sesenta e un céntimos (112.614,61€) e unha porcentaxe de cofinanciamento do 22,31%, que serán financiados na súa totalidade coas subvencións concedidas pola Deputación con cargo a anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023."

O novo financiamento da actuación recóllese na seguinte táboa:

Orzamento (proxecto modificado)	504.693,95€
Subvención (Programa ReacPon)	392.079,34€
Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022)	112.614,61€

SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO

En todo o demais permanecerá invariable o contido do texto do convenio asinado o 10/02/2022, e modificado pola addenda asinada o 24/03/2023, suxeitándose as partes ás súas cláusulas.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Luis López Diéguez

O alcaldesa en funcións do Concello de Mondariz, D.^a Elena Naveira Amoedo

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay

